

*Veciños*



Sempre me deprimiu o ruído. Para min, a depresión é ruído. A depresión é unha mosca que che entra na orella. Penétrache ata o tímpano e súas para sacala. Nunca sei se é o ruído o que me produce a depresión ou a depresión a que me fai escoitar continuamente ruído, pero é coma se unha mosca me entrase na orella e me inxectase dentro o seu zunido infernal. Non soporto os ruídos, pónenme de mal humor, así que, cando aquel golpe seco e forte penetrou a través da parede por enésima vez no día, resigneime a aceptar que era imposible vivir sen ruídos neste tempo enxordecedor. E pregunteime se non existiría un maldito piso en todo o universo que carecese de veciños ruidosos ou, aínda mellor, que carecese de veciños. Pero todo indicaba que non. Seica a min sempre me tocaba compartir paredes co mesmo tipo de apoloxistas do ruído. Había dúas semanas, cando alugara o piso e me instalara nel, parecérame un lugar tranquilo. E, de feito, elixírao pola quietude e serenidade que me transmiti-

ra. Agora xa me decatara de que cometera unha equivocación. Entre os golpes secos e fortes que proviñan da parede estremeira do salón, os berros da veciña de arriba, os trades e martelos dos afeccionados aos traballos manuais, as eternas discusións dunha parella que resoaban inconfundiblemente en todo o patio de luces á hora do xantar, as risadas do patrón da oficina de abaixo e o seu vozarrón groseiro cando falaba polo teléfono de mans libres, as voces indefinidas dos televisores, que adoitaban atacar desde todos os flancos, os arquexos das parellas que á noite fodían ruidosamente, e as bucinas dos coches que proviñan de fóra, aquilo, máis que unha veciñanza, parecía o sutil bombardeo dunha guerra psicolóxica.

En só dúas semanas, vista a profusión e frecuencia das filtracións sonoras, aprendera a distinguir os ruídos e as voces e cada vez podía indicar con máis exactitude o seu lugar de procedencia, qué veciños as emitían e como eran as súas vidas (nada diferentes entre si, por outra banda) aínda sen telos visto nunca diante. E como a miña vivenda era a B, é dicir, que estaba situada entre a A e a C, recibía o fogo cruzado das emisións sonoras veciñais por ambas as dúas bandas.

Aínda coincidira con poucas persoas nas escaleiras e no ascensor pero en breve, a través do que ía escoitando día a día, fixérame unha imaxe da maior parte do vecindario. Así, por exemplo, os ruídos procedentes da vivenda A eran os de tipoloxía máis diversa. As afervoadas discusións a través do teléfono deixaban adiviñar que el era un técnico en informática que un día se fartara de traballar para os demais

e montara unha pequena empresa de servizos. Imaxinábao roldando a cincuentena, nervioso, inquedo, un tanto mal-humorado, cunha calva incipiente que lle avanzaba desde a fronte. Ela, en cambio, semellaba moito máis alegre, e a proba é que se divertía con frecuencia xogando cos fillos. As tonalidades da súa voz delataban unha muller de certas aspiracións, un tanto señorona, socia do Círculo de Lectores (víraos chamar no seu timbre), probablemente unha desas empregadas da sección de enxoval do Corte Inglés que teñen a menos considerarse clase traballadora. Aprendín a sobrelevar bastante ben os seus ruídos, aínda que non aceptaba igual as frenéticas conversas do home nin o esaxerado volume do televisor que prendían a primeira hora da tarde e deixaban aceso ata a noite.

Sen dúbida eran moito peores os ruídos que ascendían desde as oficinas da primeira planta, xusto debaixo dos meus pés. O seu causante era o propietario dunha xestoría. Pola voz, aparentaba un tipo ancho e forte, ao que todos os empregados sen excepción trataban de don Roberto. O rostro de don Roberto debuxábaseme na imaxinación con faccións inflexibles, duras, que só se debían alterar cando ostentaba un puro habano na boca. Era da vella escola. Malia todo, e a excepción do exasperante timbre dos teléfonos, que non daban tregua, os ruídos da oficina concentrábanse maiormente a primeira hora da mañá.

En canto aos veciños da vivenda C, resaltaría, sobre todo, a súa fogosidade. Ela debía ser aínda unha rapaza nova, dábame na espiña que ama de casa, e el debía traballar a quendas, seguramente como mecánico ou fresador, nal-

gunha empresa dos polígonos industriais da cidade. Habitualmente á noite, aliviaban no leito as penalidades do día, deixando ben patente ese desafoego diante de toda a veciñanza, especialmente polos mutuos xemidos de pracer e polo bater escandaloso do cabeceiro da cama contra a parede. A el botáballe trinta e moitos anos e facíao de cara redonda e pelo negro e curto, moi curtiño.

Xa dixen reiteradamente que sempre me deprimiu o estrondo. De feito, a min ninguén podía acusarme nunca de facer ruído. Mesmo escoitaba Spotify con cascos, malia vivir só. O ruído alterábame. Sempre o identifiquei coa depresión. Pois ben, ao cabo de dúas semanas, andaba pola casa con algodóns nos oídos porque todo aquilo se me facía insoportable. Serei esaxerado, non digo que non, pero eu son así. Claro que a dos algodóns non era unha solución razoable, pero a intimidade pública dos veciños estaba invadindo a miña de tal xeito que me sentía aboucado. É certo que nunca lles vira o rostro, pero escoitándoos podía facerme unha idea case perfecta de como era cada un deles: as emisións sonoras que procedían das súas vivendas revelaban un retrato robot bastante perfecto. Non me explico como a policía non utiliza o ruído como elemento de identificación.

Así e todo, o que máis me exasperaba, o que de verdade me poñía fóra de min, ata malhumorarme e entolecerme, eran os berros neuróticos da veciña de arriba. Tiña dous nenos que poderían, con probas facilmente constatables, acusala de malos tratos psicolóxicos. A súa violencia verbal era tan esaxerada que constituía unha presenza entrañable-

mente familiar para toda a veciñanza. A min, que malamente soporto ese tipo de cousas, deprímeme calquera esbozo de escándalo verbal. Case diría que escoitala me provocaba un forte desequilibrio emocional que me obrigaba a visitar o psicólogo asiduamente. Así que ás dúas semanas de habitar naquel lugar, sentíame como no inferno e tiña os nervios a flor de pel. Daquela comecei a tomar pastillas. E a illarme cada vez máis cos cascos, escoitando Spotify.

Ela, a veciña de arriba, era ben nova, diso non había dúbida, e ama de casa, diso tampouco había dúbida pois practicamente saía só para levar e recoller os nenos da escola, dous pequenos demos que debían estar tan alporizados coma ela a forza de berrarlles tanto. Sempre a imaxinei co pelo moi curto, case rapado e, de corpo, máis ben gordiña, debido ás moitas horas que pasaba metida na casa. O seu home debía ser viaxante ou andaría embarcado, pois case nunca se escoitaban voces adultas masculinas naquel piso, e cando se escoitaban eran sosegadas e apenas perceptibles.

Aquel día, logo de que o golpe seco e forte penetrase a través da parede do meu salón por enésima vez procedente da vivenda A, comezou tamén a festa no piso de arriba. Escoitouse primeiro o bater da porta de entrada, os pasos estrondosos dos nenos brincando polo corredor e, acto seguido, a habitual sesión de berros dirixidos aos cativos, que se facían fortes co único sistema de autodefensa que aprenderan: os comportamentos irracionais. A veciñanza quedou novamente mergullada baixo os efectos bélicos dunha histeria incontrolable e a miña mente deu síntomas de abanear ata máis alá dos límites da súa propia resisten-

cia. Así que, aquel día, decidín subir ao piso de arriba para dicirlle dúas palabras á miña veciña e poñela no seu sitio.

Logo de me abrir a porta (era fisicamente moi distinta de como eu pensara) respondeu un tanto ruborizada aos meus requirimentos de paz. Díxome que desculpase, que era a primeira vez que alguén lle chamaba a atención e que non era consciente de que molestase, que o sentía moitísimo e que procuraríase facer o menor ruído posible. Como sucede nestes casos, as boas palabras e os feitos seguiron camiños diferentes. Ela continuoulles berrando aos fillos, máis alporizados cada día (sen que ninguén na veciñanza se dese por aludido), e convertendo aquel edificio nun epicentro de tolemia colectiva. Eu subía ás veces a chamarlle a atención, cada vez con maior frecuencia, aínda que só fose para manter unha porta aberta á esperanza naquel bombardeo de berros que me asediaban.

Para evitarme a molestia das viaxes ao piso de arriba, ela, moi amable, facilitoume o seu número de móbil e pedíume que lle dese unha chamada perdida cada vez que o ruído me molestase. E, ao principio, así o fixen. Pero logo funme decatando de que botaba de menos aquelas visitas. Realmente, eu quería subir a falar con aquela muller. Así que deixei de facer as chamadas perdidas coa desculpa de que lera nun correo electrónico que agora cobraban por elas.

En contra do que pensara inicialmente, resultou ser unha muller moi agradable (e mesmo me atrevería a dicir que equilibrada) e, por certo, bastante guapa. Equivocárame; estaba divorciada e vivía dos cartos que lle pasaban os pais, pois o condenado do home non volvera darlle sinais



de vida. Tiña o pelo longo e os ollos negros. Fisicamente era moi atractiva.

As miñas visitas á súa casa (inicialmente na procura de silencio) foron incrementándose, en parte porque chegou un momento en que ela mesma insistía en que precisaba que alguén lle marcasse os límites para ser consciente e autocorrirse. De alí a pouco a relación de veciñanza deu paso á amizade e, xa inmediatamente, ao amor. Tres meses máis tarde daquela primeira visita, trasladeime ao piso de arriba e abandonei o meu. Gustábame, non había nada que pensar. Ademais, os seus veciños de arriba parecían bastante silenciosos, co que solucionaba o meu problema. Instaleime na súa casa e vinme obrigado a exercer de pai ante os dous indios *síux* que tiña por fillos. A verdade é que non son moi consciente de que tipo de actitudes adoptei con respecto aos nenos, pero o caso é que un mes despois, no medio dunha rifa cos rapaces, chamaron ao timbre da porta. Era o novo veciño de abaixo e traía cara de circunstancias.